

PROGRAMACIÓN DE PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES

2º ESO

M^a José González Fernández

CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA
CUNTIS

Índice

<u>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</u>	<u>3</u>
<u>2. CONCRECIÓN: OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....</u>	<u>4</u>
<u>3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS</u>	<u>11</u>
<u>4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.....</u>	<u>11</u>
<u>5. AVALIACIÓN.....</u>	<u>13</u>
<u>6. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO</u>	<u>14</u>
<u>7. INTEGRACIÓN DAS TIC E CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO</u>	<u>14</u>
<u>8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....</u>	<u>14</u>
<u>9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</u>	<u>15</u>
<u>10. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA. TEMAS TRANSVERSAIS.....</u>	<u>17</u>
<u>11. MATERIAIS DIDÁCTICOS.....</u>	<u>18</u>
<u>12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....</u>	<u>19</u>

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Na sociedade actual a mellora da esperanza de vida vese ameazada debido á adquisición e o mantemento de estilos de vida prexudiciais para a saúde. A enorme capacidade de adaptación do ser humano converteuse nunha arma de dobre fío para a esperanza de vida. A adquisición de hábitos de vida prexudiciais para a saúde, como a inactividade ou a dieta desequilibrada, está a conseguir que se incrementen os índices de obesidade e de sedentarismo ata niveis alarmantes, xa desde idades moi temperás, así como as doenzas derivadas diso e, como consecuencia, a morte prematura.

As institucións nacionais e internacionais máis importantes no ámbito da saúde alertan de que a prevención de comportamentos perigosos para a saúde e a promoción de estilos de vida saudable deben abordarse desde o ámbito educativo.

Nos primeiros cursos de ESO o alumnado experimenta importantes cambios persoais e sociais, e entra en contacto por primeira vez con determinados hábitos tóxicos aos que debe saber enfrontarse.

A materia de Promoción de Estilos de Vida Saudables ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.

Así mesmo, inclúe os preceptos propostos nas Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto da recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023 (versión 05/09/2022).

Este curso o departamento de Bioloxía e Xeoloxía faise cargo de impartir esta materia no 2º curso da ESO, dándose o caso de ter un alumno matriculado na materia alternativa a esta en 2º ESO (Paisaxe e sustentabilidade), que non superou a materia o curso pasado en 1º ESO.

2. CONCRECIÓN: OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Promoción de Estilos de Vida Saudables. 1º ESO									
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Competencias clave	Temporalización			Avaliación e procedementos
						1ºT	2ºT	3ºT	Instrumento de avaliación
c m	B1.1. Actividade física como hábito de vida saudable: como, cando, onde, canta e por que.	B1.1. Coñecer a relación entre a práctica regular de actividade física e a saúde.	PEVSB1.1.1. Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade.	Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade.	CMCCT		X		Traballo teórico-práctico
			PEVSB1.1.2. Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora.	Identifica os principais parámetros de saúde, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora.	CMCCT		X		Traballo teórico-práctico
c e m a	B1.2. Avaliación e análise da postura, da composición corporal e da actividade física saudable realizada.	B1.2. Avaliar a postura, a composición corporal, a actividade física desenvolvida e a inactividade, aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	PEVSB1.2.1. Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria e a tensión arterial.	CMCCT CAA		X		Traballo teórico-práctico
			PEVSB1.2.2. Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado.	Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado.	CMCCT		X		Traballo teórico-práctico
g l m	B1.3. Plans e estratexias para o incremento da actividade física diaria e para a redución dos períodos de inactividade.	B1.3. Aplicar un plan para o incremento da actividade física saudable ao longo do día, utilizando os recursos dispoñibles no contorno.	PEVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo.	Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo.	CMCCT CAA CSC		X		Traballo teórico-práctico
			PEVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable.	Utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable.	CMCCT CD CAA			X	Traballo teórico-práctico

Promoción de Estilos de Vida Saudables. 1º ESO									
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Competencias clave	Temporalización			Avaliación e procedementos
						1ºT	2ºT	3ºT	Instrumento de avaliación
			PEVSB1.3.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.)	Utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.)	CSC			X	Traballo teórico-práctico
g l m	B1.4. Organización e promoción da práctica de actividade física diaria.	B1.4. Diseñar, organizar e difundir actividades para fomentar o incremento da práctica de actividade física diaria.	PEVSB1.4.1. Diseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade.	Utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade.	CD CAA			X	Traballo teórico-práctico
			PEVSB1.4.2. Diseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá.	Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá.	CD CAA			X	Traballo teórico-práctico
			PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.).	Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.).	CMCCT CAA CSC CSIEE			X	Traballo teórico-práctico
Obx	Bloque 2. Alimentación para a saúde			Grao mínimo consecución	Competencias clave	1ºT	2ºT	3ºT	Instrumento de avaliación
l m	B2.1. Alimentación como hábito de vida saudable. Beneficios e riscos para a saúde derivados da dieta. Modelos de dieta atlántica e mediterránea como patróns	B2.1. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria.	PEVSB2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	CMCCT	X			Traballo teórico-práctico
			PEVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.	Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.	CMCCT CAA	X			Traballo teórico-práctico

Promoción de Estilos de Vida Saudables. 1º ESO									
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Competencias clave	Temporalización			Avaliación e procedementos
						1ºT	2ºT	3ºT	Instrumento de avaliación
	alimentarios saudables.								
e m	B2.2. Inxestión alimentaria e hidratación segundo as recomendacións saudables máis adecuadas á súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	B2.2. Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria.	PEVSB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	CMCCT CAA	X			Traballo teórico-práctico
			PEVSB2.2.2. Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria.	Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria.	CMCCT	X			Traballo teórico-práctico
			PEVSB2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	Utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	CSC	X			Traballo teórico-práctico
g l m	B2.3. Deseño de propostas dietéticas sinxelas. Estratexias para a incorporación das recomendacións de alimentación e hidratación como hábito de vida saudable.	B2.3. Deseñar, utilizar e difundir estratexias para a adquisición de hábitos de alimentación e hidratación saudables.	PEVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado.	Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado.	CMCCT CD CAA		X		Traballo teórico-práctico
			PEVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado.	Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado.	CMCCT CAA CSIEE		X		Traballo teórico-práctico

Promoción de Estilos de Vida Saudables. 1º ESO									
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Competencias clave	Temporalización			Avaliación e procedementos
	Bloque 1. Actividade física e saúde					1ºT	2ºT	3ºT	Instrumento de avaliación
I m	B2.4. Estratexias para a selección de alimentos e bebidas, que permitan o cumprimento das recomendacións. Etiquetaxe nutricional dos alimentos e das bebidas.	B2.5. Facer unha escollo axeitada de alimentos e de bebidas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria, valorando criticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos.	PEVSB2.5.1. Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria.	Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria.	CMCCT CAA		X		Traballo teórico-práctico
			PEVSB2.5.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.	Interpreta correctamente a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.	CMCCT CAA		X		Traballo teórico-práctico

Promoción de Estilos de Vida Saudables. 2º ESO									
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Competencias clave	Temporalización			Avaliación e procedementos e mínimos esixidos
	Bloque 1. Actividade física e saúde					1ºT	2ºT	3ºT	Instrumento de avaliación
c m	B1.1. Actividade	B1.1. Coñecer a relación entre a práctica regular de	PEVSB1.1.1. Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade	Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así	CMCCT		X		Traballo teórico-práctico

Promoción de Estilos de Vida Saudables. 2º ESO								
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Competencias clave	Temporalización		Avaliación procedementos e mínimos esixidos
	física como hábito de vida saudable: como, cando, onde, canta e por que.	actividade física e a saúde.	física, así como os efectos adversos da inactividade. PEVSB1.1.2. Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora.	como os efectos adversos da inactividade. Identifica os principais parámetros de saúde, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora.	CMCCT		X	Traballo teórico-práctico
c e m a	B1.2. Avaliación e análise da postura, da composición corporal e da actividade física saudable realizada.	B1.2. Avaliar a postura, a composición corporal, a actividade física desenvolvida e a inactividade, aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	PEVSB1.2.1. Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	Coñece a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc..	CMCCT CAA		X	Traballo teórico-práctico
			PEVSB1.2.2. Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado.	Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado.	CMCCT		X	Traballo teórico-práctico
g l m	B1.3. Plans e estratexias para o incremento da actividade física diaria e para a redución dos períodos de inactividade.	B1.3. Aplicar un plan para o incremento da actividade física saudable ao longo do día, utilizando os recursos dispoñibles no contorno.	PEVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo.	Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo.	CMCCT CAA CSC		X	Traballo teórico-práctico
			PEVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable.	Utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable.	CMCCT CD CAA		X	Traballo teórico-práctico
			PEVSB1.3.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.)	Utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.)	CSC		X	Traballo teórico-práctico
g l m	B1.4. Organización e promoción da práctica de actividade física diaria.	B1.4. Deseñar, organizar e difundir actividades para fomentar o incremento da práctica de actividade física diaria.	PEVSB1.4.1. Deseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade.	Utiliza un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade.	CD CAA		X	Traballo teórico-práctico
			PEVSB1.4.2. Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá.	Utiliza unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá.	CD CAA		X	Traballo teórico-práctico

Promoción de Estilos de Vida Saudables. 2º ESO									
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Competencias clave	Temporalización			Avaliación procedementos e mínimos esixidos
			PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.).	Organiza actividades para a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.).	CMCCT CAA CSC CSIEE			X	Traballo teórico-práctico
Obx	Bloque 2. Alimentación para a saúde			Grao mínimo consecución	Competencias clave	1ºT	2ºT	3ºT	Intrumento de avaliación
I m	B2.1. Alimentación como hábito de vida saudable. Beneficios e riscos para a saúde derivados da dieta. Modelos de dieta atlántica e mediterránea como patróns alimentarios saudables.	B2.1. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria.	PEVSB2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	CMCCT	X			Traballo teórico-práctico
			PEVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.	Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.	CMCCT CAA	X			Traballo teórico-práctico
e m	B2.2. Inxestión alimentaria e hidratación segundo as recomendacións máis saudables máis adecuadas á súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	B2.2. Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria.	PEVSB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	CMCCT CAA	X			Traballo teórico-práctico
			PEVSB2.2.2. Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria.	Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria.	CMCCT	X			Traballo teórico-práctico
			PEVSB2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	Utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	CSC	X			Traballo teórico-práctico

Promoción de Estilos de Vida Saudables. 2º ESO									
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Avaliación procedementos e mínimos esixidos	
g l m	B2.3. Deseño de propostas dietéticas sinxelas. Estratexias para a incorporación das recomendacións de alimentación e hidratación como hábito de vida saudable.	B2.3. Deseñar, utilizar e difundir estratexias para a adquisición de hábitos de alimentación e hidratación saudables.	PEVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado.	Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado.	CMCCT CD CAA		X		Traballo teórico-práctico
		B2.4. Deseñar dietas sinxelas, aplicando as recomendacións segundo idade, sexo e actividade física diaria durante un período de tempo acordado.	PEVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolve-la durante un período de tempo acordado.	Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolve-la durante un período de tempo acordado.	CMCCT CAA CSIEE		X		Traballo teórico-práctico
l m	B2.4. Estratexias para a selección de alimentos e bebidas, que permitan o cumprimento das recomendacións. Etiquetaxe nutricional dos alimentos e das bebidas.	B2.5. Facer unha escolla axeitada de alimentos e de bebidas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria, valorando criticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos.	PEVSB2.5.1. Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria.	Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria.	CMCCT CAA		X		Traballo teórico-práctico
			PEVSB2.5.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.	Interpreta correctamente a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.	CMCCT CAA		X		Traballo teórico-práctico

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

A modo de resumo, e en relación ao exposto no anterior apartado, concretamos no seguinte cadro as actividades e/ou UD a través das cales se pretende traballar cada un dos estándares de aprendizaxe avaliábeis.

1ª AVAL.	Alimentación saudable Análise e fomento da alimentación saudable
2ª AVAL.	Conceptos básicos vinculados á saúde e estilos de vida saudables Actividade física e saúde Análise e fomento da actividade física saudable
3ª AVAL.	Análise de hábitos contrarios á saúde Proxecto para o fomento dun plan de vida saudable

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Empregaremos estratexias baseadas no autoaprendizaxe e proxectos. Evitaremos as clases maxistras, sendo o alumnado quen a partir dun índice de traballo irá procurando a información de forma colaborativa e co apoio docente que precise. Para iso será primordial a utilización de distintas ferramentas vinculadas ás TICs (PCs, tablets, móbiles...) que se empregarán en case que tódalas sesións. As producións obxecto de avaliación realizadas polo alumnado terán como norma xeral un formato dixital. De ser necesario, a docente empregará unha aula virtual para que o alumnado poida seguir os contidos e traballos da materia.

Metodoloxía na actividade lectiva presencial

A metodoloxía activa a seguir será a seguinte, tendo en conta que non todas as unidades didácticas permiten actuar do mesmo xeito polo que esta pode sufrir variacións:

- Proxección de imaxes ou dun vídeo introdutorio. A continuación realizarase un diálogo e posta en común a fin de identificar as deficiencias ou o nivel de coñecementos previos de partida. Tamén é axeitado un remuíño de ideas, que permite repasar os coñecementos previos referentes a cursos anteriores.
- Lectura previa dos contidos na aula, co fin de resolver aquelas dúbidas ou dificultades que o alumnado atope, mediante a explicación ou elaboración dun glosario con aqueles termos ou conceptos que atopen dubidosos ou de difícil interpretación.
- Realización de exercicios e actividades que consoliden os conceptos. As actividades terán unha progresiva gradación na dificultade das mesmas co fin de

abarcar todos os contidos programados para o tema correspondente pero deben ser o suficientemente variadas para chegar ao alumnado con distinto grao de aprendizaxe e tentarán ser de interese para o alumnado, e que teñan relación co seu entorno. Por iso, sempre que sexa posible, tratarase de facer saídas que permitan observar e poñer en práctica o aprendido.

Naqueles temas nos que se considere oportuno realizaranse actividades que promovan a interacción, como coloquios, debates ou xogos de rol onde se poñan de manifesto as diferentes posturas sobre os contidos do tema con especial incidencia nos de tipo actitudinal.

Ó final de cada unidade didáctica ou de cada bloque, realizaranse actividades de ampliación de xeito individual ou ben colectivo, como lectura e análise de documentos sobre contidos propios da unidade aportados pola docente ou ben poden contemplarse como actividades individuais onde o alumnado teña que buscar e manexar información bibliográfica e de internet. Tamén a realización de actividades como a elaboración de murais, maquetas, etc. sobre os procesos naturais estudados en clase.

- Realización, cando sexa posible, de prácticas de laboratorio que permitan a realización polo alumnado de experimentos e análises sinxelas de fenómenos naturais que permitan consolidar coñecementos poñendo en práctica o método científico:
 - Proposta do problema
 - Formulación de hipóteses que tenten resolver o problema
 - Deseño de experimentos que permitan a confirmación ou rexeitamento da hipótese proposta.
 - Elaboración de conclusións e comunicación do resultado

Metodoloxía na actividade lectiva non presencial

Segundo a información facilitada pola dirección do centro todo o alumnado do curso conta con conectividade e medios informáticos para o seguimento da formación en liña.

De ser necesario, cada semana ou quincena, preferentemente os luns, colgaranse na aula virtual de EDIXGAL da materia as tarefas sobre os contidos a traballar polo alumnado.

O alumnado disporá de 5 días para a resolución das tarefas propostas, e subirá á aula virtual as solucións dentro do prazo establecido.

Para a resolución das dúbidas que puideran ter, empregarase preferentemente o foro da aula virtual creado ao efecto, e de non ser posible, o correo electrónico, sendo resoltas no prazo dun ou dous días. De ser o caso poderase utilizar tamén a videoconferencia.

Unha vez realizadas as correccións e orientacións pola docente, serán remitidas ao alumnado individualmente, ademais de proporcionarlle un solucionario que se colga na aula virtual de EDIXGAL.

De ser necesario, cada semana o alumnado disporá dunha hora de titoría, por videoconferencia ou a través dun foro específico da aula virtual, para calquera cuestión que desexe consultar.

Metodoloxía na actividade lectiva semipresencial

No caso de que a situación sanitaria o requira, e que parte do alumnado acuda ao centro de xeito descontinuo, realizarase unha combinación das dúas metodoloxías anteriormente expostas en función das circunstancias particulares do alumnado.

5. AVALIACIÓN

5.1. Procedementos de avaliación inicial

Para o desenvolvemento da avaliación inicial poderase empregar unha avaliación oral conxunta a través de preguntas grupais ou unha escrita individual, consistente en 10-20 preguntas tipo test e/ou curtas, para así avaliar os coñecementos de partida do grupo e cada un dos/as alumnos/as.

5.2. Procedementos de avaliación continua

O 100% da nota de cada avaliación dependerá do traballo diario tanto na clase como, de ser o caso, na aula virtual de EDIXGAL, que se plasmará nun arquivo dixital que o alumno enviará ao docente nunha data acordada. A non presentación no período acordado suporá automaticamente a cualificación de suspenso nese trimestre. A cualificación global da materia na avaliación final calcularase a través da media das tres avaliacións.

A recuperación da materia realizarase en base a unha única proba escrita co peso do 100% da nota. Esta proba terá un formato tipo test e preguntas curtas, sobre tódolos aspectos traballados durante o curso, que o alumnado poderá consultar na aula virtual de EDIXGAL da materia, de ser o caso.

5.3. *Avaliación da materia en situación non presencial.*

No caso de que pola situación derivada do COVID-19 todo o alumnado (ou parte del) non poida acudir ás sesións presenciais, o 100% da cualificación da materia será calculada valorando unicamente os traballos desenvolvidos polo alumnado ao longo do curso ou, de ser o caso, do período de confinamento ou corentena.

5.4. *Procedementos de avaliación final.*

A avaliación final realizarase en base a unha única proba escrita co peso do 100% da nota. Esta proba terá un formato tipo test e preguntas curtas, sobre tódolos aspectos traballados durante o curso, que o alumnado poderá consultar na aula virtual de EDIXGAL da materia, de ser o caso.

6. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

As lecturas de diferentes artigos vinculados á materia contribuirán ao plan lector. Asemade, a través da aula virtual da materia, propóranse diferentes artigos de carácter voluntario para a ampliación de coñecementos sobre os contidos traballados.

Dun xeito xeral as sesións da materia contribuirán ao proxecto lector do centro respectando o calendario de lectura na aula.

7. INTEGRACIÓN DAS TIC E CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO

O uso das TICs será fundamental para o desenvolvemento desta materia tanto dende o punto de vista do docente como do alumnado. Tódalas producións e traballos realizados por ámbalas partes estarán en formato dixital, para o que se fará uso da aula virtual de EDIXGAL. No caso do alumnado, incidirase no procesamento de textos e produción de presentacións dixitais.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Para elaborar este apartado terase en consideración a lexislación vixente: o Artigo 7: Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do Decreto 86/2015 del 25 xuño, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se

imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.

Estableceranse **medidas concretas en cada unidade didáctica**, non obstante, cando as necesidades educativas así o requiran, estableceranse reforzos e adaptacións do currículo que afecten ós seus compoñentes básicos, en base a certificados médicos e informes pertinentes.

A diversidade enténdese como todas aquelas cualidades que fai de cada alumno un ser único e, polo tanto, diferente aos demais; tanto sexa por capacidades intelectuais e físicas como por habilidades, xénero, orixe cultural, aspecto físico, etc. Tendo en conta este concepto de diversidade utilizamos as seguintes medidas específicas para atender as diferenzas na materia:

- Os agrupamentos maioritariamente serán heteroxéneos e variaranse constantemente. Preténdese fomentar o traballo cooperativo, sempre que a situación derivada do COVID-19 o permita, e comprender e valorar a diversidade. Conseguiremos este obxectivo se son capaces de vivir a diversidade dunha forma continuada, dando tempo a que o alumnado se coñeza e sexan capaces de aproveitar as cualidades de cada un en beneficio do grupo.
- Unha das finalidades das clases é traballar para que o grupo clase coñeza e respecte as características individuais de cada un dos compoñentes. Para isto proporanse diferentes estratexias onde o alumnado ten que colaborar no proceso de ensinanza aprendizaxe dos seus compañeiros de grupo.
- En diferentes unidades didácticas promóvense experiencias nas que para conseguir un obxectivo se necesite a participación e colaboración de todos os membros do grupo.
- Ao final das sesións reflexionárase e analizarase a experiencia vivida na aula, aproveitando calquera situación onde a diferenza enriqueceu ao grupo para facelo explícito.
- As tarefas de todas as unidades didácticas organízanse buscando a integración de todo o alumnado, independentemente do seu nivel de habilidade. Fanse adaptacións individualizadas dos exercicios en función das necesidades de cada alumno ou alumna, para facilitar ou dificultar a tarefa segundo conveña.

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Cómpre incluír na programación os criterios de avaliación e cualificación das materias pendentes na ESO. Para iso temos que ter en conta que esta materia non é progresiva.

Coa finalidade de superar a materia pendente de cursos anteriores realizaranse unha serie de actividades de avaliación. Os obxectivos da materia, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis son os referidos nesta Programación Didáctica.

Metodoloxía de avaliación.

A coordinación e seguimento da avaliación da aprendizaxe do alumnado que teña a materia pendente de 1º ou 2º ESO será responsabilidade do profesorado que a imparta cada ano escolar, que realizará unha sesión de avaliación por trimestre, ademais dunha final. A proba final terá lugar no mes de maio.

Ademais destas probas, co obxecto de facilitar ó alumnado a superación desta materia proporánselle plans de traballo en forma de boletíns de exercicios variados organizados en unidades didácticas. Os controis poderán estar formados por preguntas destes boletíns ou propostas de traballo.

Estes boletíns entregaranse a cada alumno/a na primeira semana de outubro, de xaneiro e de marzo. A cualificación levarase a cabo do seguinte xeito para cada parte:

- 30% da nota da materia provirá das notas obtidas nos traballos ou boletíns que se entregasen ó longo do curso, sendo necesaria a súa realización total ou parcial para superar a materia pendente. O/A alumno/a conseguirá a parte directamente proporcional deste 30% ou 3 puntos, segundo o grao de consecución correcto deste boletín.
- 70% restante corresponderá ás notas das probas escritas que se realizarán durante o curso, e nas que se avaliarán os contidos fixados na programación para a consecución dos obxectivos. As preguntas deses controis escritos formarán parte dos boletíns.

Considerarase que o alumnado é apto ou ten un suficiente, se acada unha nota do 50% ou un 5 sobre 10 entre as dúas partes, os boletíns e as probas de todo o curso.

No caso de que o alumno e/ou a alumna non supere a materia ao longo do curso, terá dereito a presentarse na convocatoria final, onde o 100% da nota provirá da proba escrita que se realizará nesas datas.

10. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA. TEMAS TRANSVERSAIS.

Esta materia ten unha valiosa e eficaz ferramenta para a contribución ao desenvolvemento da educación en valores, a coeducación, a mellora das relacións persoais ..., en definitiva, pensamos que a nosa materia pode resultar moi útil na mellora da convivencia no centro e na aprendizaxe da resolución pacífica de conflitos.

A primeira actuación dende o noso departamento é a de fomentar o traballo cooperativo como elemento de cohesión social é a base dunha mellor convivencia. Nas nosas sesións fanse múltiples propostas na procura de fins comúns, aportando cada un o mellor de si, salvando as posibles diferenzas e buscando a resolución pacífica e dialogada dos conflito. En diferentes unidades didácticas promóvense experiencias nas que para conseguir un obxectivo necesitaremos a participación e colaboración de todos os membros do grupo, pero a máis específica é a unidade didáctica inicial de “retos cooperativos”.

Ao final das sesións reflexionárase e analizárase a experiencia vivida na aula, aproveitando calquera situación onde a diferenza enriqueceu ao grupo para facelo explícito. Unha escoita activa que favorecerá esta acción, valorando o diálogo como forma de comunicación, toma de decisións por consenso e para a resolución de problemas.

A continuación pasamos a citar as medidas adoptadas en referencia aos diferentes **temas transversais**:

Educación para a paz e a multiculturalidade:

Dende a nosa materia colaboraremos especialmente coa organización das conmemoracións coma no Entroido ou o Magosto onde se utiliza a temática como fio condutor das mesmas.

Educar para a igualdade de ambos sexos:

Durante este curso traballaremos dun xeito concreto en tódolos cursos da ESO. Nas nosas sesións evitaremos a distribución de tarefas en función dos sexos, buscando o traballo en parellas e grupos mixtos nas actividades. Na selección dos contidos e tratamento dos mesmos na materia evitaremos os estereotipos e prexuízos en canto as preferencias de nenos e nenas.

Educación cívica, respecto polas normas:

Traballaremos dende o respecto as normas (compañeiros, profesorado, material, instalacións e medio ambiente):

Ao logo do curso, en todas as unidades utilizaremos as mesmas sancións e reforzos positivos en tódalas clases, deixando claro que é unha indisciplina e que consecuencias ten; inculcando coidado e respecto polo materiais, instalacións, compañeiros/as profesora, medio ambiente... e reforzando aquelas condutas boas para a convivencia como é o coidado do material, axuda, participación... Reforzarase tamén a importancia dos hábitos hixiénicos para as boas relación do día a día na aula.

Educación para o tempo libre:

A finalidade última da nosa materia é dotar de recursos ao alumnado para levar un estilo de vida activo e saudable. Polo que a nosa materia centrarase ao longo de toda a etapa de secundaria en ofrecer ao alumnado actividades físicas e deportivas, principalmente as máis accesibles no seu entorno, que os convertan no futuro en adultos activos e cun ocio máis saudable.

Educación para a saúde e a calidade de vida:

A impartición dunha materia de libre configuración no 2º curso da ESO, Promoción de Estilos de Vida Saudables, daralle un maior énfase á Educación para a saúde e a calidade de vida no noso centro. Esta hora permitiranos facilitarlle un maior coñecemento de aspectos relacionados cunha alimentación saudable e a necesidade de realizar actividade física dun xeito diario.

Educación ambiental e para a sustentabilidade e educación viaria:

Traballado en tódolos cursos na preparación das actividades de sendeirismo do último trimestre nas que se abordan directamente contidos relacionados con estes temas transversais.

Educación para o consumo e prevención do consumo indebido de drogas:

Nas sesións da materia solicitarase material específico para acostumarnos a reflexionar sobre os criterios de selección na compra de calquera material, en relación ao consumismo. No que se refire ao consumo de substancias non recomendables para a nosa saúde abordarase o tema dun xeito xeral no 2º curso na materia de Promoción de Estilos de Vida Saudables.

11. MATERIAIS DIDÁCTICOS

Empregaremos principalmente recursos tecnolóxicos:

- 2º ESO: Edixgal, tabletas, encerado dixital, proxector...
- Docente: Edixgal.

Empregando estes recursos elaboraranse tódalas producións tanto do alumnado coma do propio docente, que serán obxecto de estudo e avaliación.

12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

No deseño deste apartado da programación utilizamos como referencia o artigo referido á avaliación docente de Julio Nando Rosales recollido na Revista Supervisión 21, nº 31, febreiro de 2014, ISSN 1886-5895.

Para a análise do proceso de ensino e práctica docente distinguimos cinco ámbitos:

- 1) Motivación por parte do profesor cara a aprendizaxe dos alumnos.
- 2) Planificación da programación didáctica
- 3) Estrutura e cohesión no proceso de ensinanza/aprendizaxe
- 4) Seguimento do proceso de ensinanza/aprendizaxe
- 5) Avaliación do proceso.

1) MOTIVACIÓN POR PARTE DO PROFESOR CARA A APRENDIZAXE DOS ALUMNOS/AS INDICADORES VALOR PROPOSTAS DE MELLORA (0 – 5)

Motivación inicial do alumnado:

1. Presento ó principio de cada sesión un plan de traballo, explicando a súa finalidade.
2. Comento a importancia do tema para as competencias e formación do alumno/a.
3. Deseño situacións introdutorias previas ó tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas...).
4. Relaciono os temas da materia con acontecementos da actualidade.

Motivación durante o proceso:

5. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
6. Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas.
7. Relaciono con certa asiduidade os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos alumnos/as.

Presentación dos contidos:

8. Reflexiono si os contidos son os indicados para o alumno/a

9. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (guións, mapas conceptuais, esquemas...).

02) PLANIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA INDICADORES VALOR PROPOSTAS DE MELLORA (0 – 5)

Compoñentes da Programación Didáctica:

1. Teño establecido que cada programación didáctica está estruturada por Unidades Didácticas
2. Realizo a programación didáctica da materia tendo como referencia o Proxecto Educativo do Centro.
3. Deseño a UD baseándome nas competencias clave que deben de adquirir os alumnos/as
4. Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula en relación as características de cada grupo de alumnos/as
5. Analizo e deseño dentro da programación didáctica as competencias clave necesarias para a materia.
6. Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado.
7. Sigo os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos/as e comprobar o grao no que alcanzan as aprendizaxes.

Coordinación docente

8. Adopto estratexias e técnicas programando actividades en función dos obxectivos didácticos, en función das competencias clave, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características dos alumnos.
9. Estou levando á práctica os acordos de departamento para avaliar as competencias clave así como os criterios de avaliación da materia.

3) ESTRUCTURA E COHESIÓN NO PROCESO ENSINO/APRENDIZAXE. INDICADORES VALORACIÓN PROPOSTAS DE MELLORA (0 – 5)

Actividades no proceso

1. Deseño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
2. Propoño ao alumnado actividades variadas (de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de sínteses, de consolidación, de recapitulación, de ampliación e de avaliación).

3. Facilito a adquisición de novos contidos a través de diversas metodoloxías (lección maxistral, traballo cooperativo, traballo individual,...)

Estrutura e organización da aula

4. Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto para as actividades que os alumnos realizan na clase).

5. Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar..., controlando sempre o adecuado clima de traballo.

6. Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos/as, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.

Cohesión co proceso de ensino/aprendizaxe

7. Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar, facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso...

8. Facilito estratexias de aprendizaxe: solicitar axuda, buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e aseguro a participación de todos/as.

4) SEGUIMIENTO DO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE. INDICADORES VALORACIÓN PROPOSTAS DE MELLORA (0 – 5)

Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe:

1. Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas dentro e fora da aula, adecúo os tempos, agrupamentos e materiais utilizados.

2. Proporciono información ó alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.

3. En caso de obxectivos insuficientemente acadados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.

4. En caso de obxectivos suficientemente acadados, en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.

Contextualización do proceso.

5. Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos/ as, os seus ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, o grao de motivación, etc., e, en función deles, adapto os distintos momentos do proceso ensino-aprendizaxe.

6. Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, PT, Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, Departamentos de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...

7. Adapto o material didáctico e os recursos ás características e necesidades dos alumnos realizando traballos individualizados e diferentes tipos de actividades e exercicios.

8. Busco e fomento interaccións entre profesor- alumno/a.
9. Os alumnos séntense responsables na realización das actividades.
10. Preparo traballo en grupo para analizar as interaccións entre os alumnos/as.

5) AVALIACIÓN DO PROCESO. INDICADORES VALORACIÓN PROPOSTAS DE MELLORA (0 – 5)

Criterios de avaliación.

1. Aplico os criterios de avaliación acordo cas orientacións da Concreción Curricular.
2. Cada UD ten claramente establecido os criterios de avaliación.
3. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada á avaliación dos diferentes contidos.
4. Uso estratexias e procedementos de autoavaliación e coavaliación en grupo que favorezan a participación dos alumnos na avaliación.

Instrumentos de avaliación

5. Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información (registro de observacións, ficha de seguimento, diario de clase...)
6. Corrijo e explico os traballos e actividades dos alumnos e, dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
7. Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de alumnos/as, das diferentes U.D., dos contidos...
8. Uso diferentes instrumentos de avaliación (probos orais, escritas, portafolios, rúbricas, observación directa...) para coñecer o seu rendemento académico.
9. Utilizo diferentes medios para informar a pais/nais, profesores e alumnos/as dos resultados da avaliación.
10. Utilizo os resultados da avaliación para modificar os procedementos didácticos e mellorar a miña intervención docente.
11. Realizo diferentes rexistros de observación para realizala avaliación.

Tipos de avaliación

12. Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustala programación, na que teño en conta o informe final do titor anterior, de outros profesores, etc...

Os aspectos recollidos nas listas expostas anteriormente serán valorados ao longo do curso. O resultado destas valoracións será recollido nas actas do departamento e/ou na memoria final, para así poder aplicar as modificacións que se estimen oportunas.